



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E O CONCELLO DE REDONDELA PARA O FINANCIAMENTO DA "REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE REDONDELA"

En Santiago de Compostela, a 9 de decembro de 2019

REUNIDOS

Por unha banda, Ánxeles Vázquez Mejuto, en nome e representación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, actuando no exercicio do seu cargo, en virtude do Decreto 94/2018, 26 de setembro (DOG nº 185, 27 de setembro de 2018) e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Da outra, Digna Rosa Rivas Gómez, alcaldesa do Concello de Redondela, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

EXPOÑEN

I.- Actualmente atópanse vixentes en Redondela unhas Normas subsidiarias de planeamento aprobadas definitivamente o 06/11/1987

En data 18 de setembro de 2001, asinouse un convenio entre a extinta Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e o concello de Redondela, para o financiamento e seguimento da redacción do Plan xeral de ordenación municipal.

O 23 de abril de 2007, o documento de PXOM foi remitido á Dirección Xeral de Urbanismo da CPTOPV en solicitude de informe previo á aprobación inicial. Dado que non consta a emisión dese informe, tampouco chegou a producirse a aprobación inicial.

En todo caso, a cláusula sétima do convenio subscrito pola CPTOPV e o Concello de Redondela para o cofinanciamento do PXOM, establecía que a vixencia do convenio estendíase ata o remate das actuacións coa aprobación definitiva do Plan Xeral, non podendo exceder do 30 de novembro de 2004.



XUNTA DE GALICIA

O Pleno do Concello aprobou o 29/01/2015 adxudicación dun contrato de servizos para a redacción do Plan xeral de ordenación municipal de Redondela polo prezo, IVE incluído de 475.893,00 euros.

O Concello de Redondela solicitou o 20/11/2017 á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a concesión dunha subvención polo 80% do prezo de adxudicación do dito contrato.

As Normas subsidiarias de planeamento de Redondela, aprobadas definitivamente o 06/11/1987 non se adaptan á Lei 2/2016 do Solo de Galicia, nin sequera ás anteriores leis urbanísticas Lei 9/2002 e Lei 1/1997, polo que é evidente o estado de obsolescencia do planeamento xeral municipal.

Neste senso, os concellos veciños teñen o seu planeamento xeral adaptado á Lei 9/2002 (Mos, Moaña Soutomaior), mediante contratos que foron subvencionados ao abeiro dunha orde de subvención desta consellería, ou en tramitación para ser adaptado á vixente Lei 2/2016 (Vigo, Vilaboa, Pazos de Borbén), mediante contratos subvencionados por un convenio con esta dirección xeral ou ao abeiro dunha orde de subvención desta consellería.

Tendo en conta que o Concello de Redondela necesita urxentemente adaptar o seu planeamento xeral á lexislación urbanística vixente e aos condicionantes urbanísticos e socioeconómicos de 2019, que os concellos limítrofes teñen o seu planeamento xeral adaptado á Lei 9/2002, ou en tramitación para adaptarse á Lei 2/2016, que estes planeamentos obtiveron, ou teñen comprometidas, subvencións por parte desta dirección xeral, e que nos anos 2001 e 2002 xa se aboaran dúas fases polo prezo de 176.697,76 euros, estímase axeitado o investimento de **253.746,90 euros** equivalente ao 80% de 317.183,62 € do Orzamento base estimable subvencionable (OBES) para a redacción do Plan xeral de ordenación municipal de Redondela.

Todas estas constitúen as razóns **que xustifican a non posibilidade de promover a concorrência pública**, pola especificidade do obxecto e o feito de ser o concello de Redondela o único destinatario posible.

II.- A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ten atribuídas competencias específicas en materia de urbanismo entre as que se atopan o fomento da redacción dos plans municipais, co fin de que os concellos de Galicia dispoñan de documentos de ordenación do territorio adaptados á lexislación vixente e ás características particulares previstas para o seu desenvolvemento urbanístico.



XUNTA DE GALICIA

Entre as labores de fomento cabe sinalar as ordes polas que se regula a concesión de axudas a entidades locais para formulación do plan urbanístico.

Con carácter xeral, as ordes reguladoras de axudas para a redacción de instrumentos de ordenación municipal, contemplan a colaboración económica cos concellos cuxo plan xeral estea suspendido ou con acordo de inicio de suspensión ditado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, así como os que, estando en vigor, resultasen anulados en virtude de sentenza xudicial.

Por todo isto, é preciso iniciar o camiño da aprobación dun plan xeral para o municipio.

Tamén asume a Consellería, unha labor de fomento para que os Concellos teñan os documentos dos plans municipais adaptados a lexislación vixente e ás características particulares previstas para o seu desenvolvemento urbanístico.

III.- A Consellería considera axeitado colaborar na redacción do plan urbanístico do municipio de Redondela e para iso contribuír cunha achega económica de **douscentos cincuenta e tres mil setecentos corenta e seis euros con noventa céntimos (253.746,90 €)**, equivalente ao 80% do custo de redacción do PXOM, segundo o Orzamento base estimable subvencionable (OBES), en concordancia co artigo 12. 2 b) da Orde do 2 de marzo de 2010, pola que se regula a concesión de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico.

A dita achega, ten que realizarse a través do concello de Redondela, xa que esta institución é a mais axeitada para o cumprimento dos obxectivos previstos. Por outra banda, nos orzamentos figura partida para o financiamento da actuación.

IV.- Consideran os asinantes que o proceso de formación do PXOM debe realizarse coordinadamente entre ámbalas dúas administracións, a través da colaboración no proceso de elaboración do planeamento e coordinación no exercicio das súas competencias respectivas e considerando as especiais circunstancias que, por motivos legais, concorren na redacción e tramitación do documento, unidas á complexidade dun proceso de redacción dun Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Polo exposto, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no exercicio das súas competencias, e o concello de Redondela, no exercicio das que lle atribúe a súa lexislación específica, manifestan a súa vontade de



XUNTA DE GALICIA

formalizar unha colaboración, para abordar a elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal, a través dun convenio que se estrutura nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO



O obxecto do presente Convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Redondela para a redacción **Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do concello de Redondela**, cun orzamento total de execución de **catrocentos setenta e cinco mil oitocentos noventa e tres euros (475.893,00 €)**, segundo o acordo de adxudicación adoptado polo Pleno da Corporación Municipal adoptado en data de 29 de xaneiro de 2015.


Trátase da colaboración na financiamento de unha actuación xa executada, e que ten amparo legal no disposto nos artigos 2.1 b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia e 2.2 b) do seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

SEGUNDA. COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA



A Xunta de Galicia, a través da consellería de Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, asume os seguintes compromisos:

1.- Contribuír o financiamento, das actuacións descritas na cláusula primeira, cunha achega de como máximo de **douscentos cincuenta e tres mil setecentos corenta e seis euros con noventa céntimos (253.746,90 €)**, equivalente ao 53,32% do custo de redacción do PXOM, con cargo a aplicación orzamentaria 07 04 521A 760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, distribuídas nas seguintes anualidades:



Anualidade de 2019:	50.749,38 €
Anualidade de 2020:	50.749,38 €
Anualidade de 2021:	50.749,38 €
Anualidade de 2022:	50.749,38 €
Anualidade de 2023:	50.749,38 €



XUNTA DE GALICIA

Os aboamentos da achega da axuda, seguindo as directrices da Orde do 2 marzo de 2010, pola que se regula a concesión de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico (DOG nº 47 do 10 de marzo) efectuarase do seguinte xeito:

- a) **50.749,38** euros, logo da sinatura do contrato e entrega da metodoloxía xeral e diagnóstico socio-económico do **PXOM**
- b) **50.749,38** euros, logo da entrega do borrador do plan e do documento inicial estratéxico para a tramitación da avaliación ambiental estratéxica.
- c) **50.749,38** euros, logo de certificada a aprobación inicial do plan polo órgano municipal competente, así como a inserción dos anuncios de exposición pública.
- d) **50.749,38** euros, logo de certificada a aprobación provisoria do plan polo órgano municipal competente.
- e) **50.749,38** euros, logo da aprobación definitiva do plan pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

O cumprimento das fases anteriormente indicadas, acreditarase conforme ao establecido no apartado seis da cláusula terceira, coa especificidade da anualidade 2019, que ten a consideración de anticipo.

2.- A Consellería asumirá, ata o límite establecido no apartado 1 desta cláusula, o custo da redacción do PXOM, unha vez que polo concello se presenten as correspondentes certificacións de execucións dos traballos, segundo as fases establecidas no prego de cláusulas administrativas polo que se rexa o correspondente contrato para a redacción do PXOM subscrito polo concello de Redondela. Os aboamentos parciais e anticipados que, no seu caso, se efectúen, non superarán o 80% da porcentaxe subvencionable, nin excederán da anualidade correspondente ao exercicio orzamentario.

3.- A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, resérvase o dereito de inspeccionar a execución dos traballos en calquera momento, durante a súa execución.

4.- Nomear, se fora o caso, de entre os seus funcionarios, a un grupo de traballo que dedicará unha especial atención ao desenvolvemento das actuacións establecidas neste convenio para a eficaz culminación da finalidade do mesmo.



XUNTA DE GALICIA

5.- Para os efectos do previsto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autorízase ao concello de Redondela, beneficiario da subvención, para que subcontrate ata o 100% do importe dos traballos necesarios para a redacción do instrumento de planeamento obxecto do presente convenio. Tal autorización considérase concedida sen prexuízo, se é o caso, do cumprimento das previsións que establecen os números 3º e seguintes do devandito artigo 27.



TERCEIRA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE REDONDELA.

O Concello de Redondela asume as seguintes obrigas:

1. a).- Efectuar a aprobación inicial do documento do PXOM e realizar posteriormente, a súa entrega na Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

1. b).- De ser o caso, unha vez aprobado definitivamente o PXOM entregárase na Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo un texto do documento refundido debidamente cotexado.

2.- Facilitarlle o acceso a todo tipo de información, que teña relación co obxecto do presente acordo, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

3.- Contribuír ao financiamento do custo total estimado do contrato cunha achega de **douscentos vinte e dous mil cento corenta e seis euros con dez céntimos (222.146,10 €)**, equivalente ao 46,68% do importe total investimento previsto. O libramento efectuarao o Concello, xunto ou previo ao correspondente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en cada fase cumprida, segundo o establecido no apartado 1 da cláusula segunda, de acordo coas seguintes anualidades:

Anualidade de 2019:	44.429,22 €
Anualidade de 2020:	44.429,22 €
Anualidade de 2021:	44.429,22 €
Anualidade de 2022:	44.429,22 €
Anualidade de 2023:	44.429,22 €

Así mesmo, o Concello de Redondela asume a obriga de financiar a súa conta exclusiva, se fora o caso, os posibles modificados do contrato, contratos complementarios, liquidacións e/ou revisións de prezos que se puideran producir.



XUNTA DE GALICIA

Logo da adxudicación dos contratos que se celebren, para a execución das actuacións necesarias para a o cumprimento do obxecto do presente convenio, as baixas que de selo caso resulten, aplicaranse na proporcionalidade das achegas de cada unha das administracións intervenientes, dentro do límite orzamentario establecido na cláusula primeira.

4.- Para os efectos do previsto no artigo 30.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pola que se outorgue a aprobación definitiva do Plan Xeral, e a posterior entrega na Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo dun exemplar do documento aprobado debidamente dilixenciado, será requisito suficiente como xustificación plena de execución dos traballos obxecto da axuda.

5.- Realizar ante a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a correspondente rendición da conta xustificativa do cumprimento das condicións e consecución dos obxectivos da axuda, presentando para isto a seguinte documentación:

(i) Copia compulsada dos xustificantes de gasto, certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento da finalidade da subvención. En relación co contido do artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, DOG de 25 de xuño de 2007, faise constar para o presente acordo a excepción de consideración de gasto realizado igual ao gasto efectivamente pagado. A estes efectos, terase en conta que se considera gasto realizado, o que foi efectivamente certificado pola intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención (art. 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia). Así mesmo, a entidade local beneficiaria deberá acreditar, dentro do prazo de un (1) mes contado a partir da data de recepción dos fondos da axuda, ante a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o pagamento dos fondos ao/s contratista/s que executaron ou as obras ou servizos obxecto do presente acordo.

Respecto da achega correspondente ao ano 2019, que terá a consideración de anticipo, unha vez adxudicados os traballos de redacción, será de aplicación o disposto no artigo 3, apartado 2 do Decreto 193/2011 do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, segundo o cal “ no caso de realizarse pagamentos anticipados como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, considerase



XUNTA DE GALICIA

gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención”.

A tales efectos, enténdese que o período de xustificación da anualidade de 2019 finaliza o día 15 de decembro do ano 2019.

(ii) Certificación ou acto de aprobación/conformidade do órgano municipal que corresponda; e declaración, de ser o caso, sobre a obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

A data límite de presentación da referida documentación de xustificación do gasto nas dependencias citadas, establécese no día 15 de decembro de cada unha das anualidades establecidas no presente convenio.

6.- Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

7.- Comunicar a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, á modificación das condicións establecidas neste convenio.

8.- Reintegrar á Comunidade Autónoma, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, a cantidade total ou parcial da axuda establecida neste convenio, e os xuros de demora que no seu caso correspondan dende o momento do seu pagamento, para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

9.- Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, todas as obrigas que, para o mesmo, establece o citado artigo.

10.- A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. De acordo co disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, a achega económica será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración



XUNTA DE GALICIA

ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

11.- O concello de Redondela presta expresamente o seu consentimento para que se lle de, ao presente convenio, a publicidade que establecen os apartados 1 e 2 do artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na forma establecida, e nos rexistros públicos regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, rexistros creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 21 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. Polo tanto, o convenio será obxecto de publicación na páxina Web oficial con expresión da contía e a súa finalidade, de acordo co disposto na citada normativa.

12.- Nomear, se fose o caso, de entre os seus funcionarios, a un grupo de traballo que dedicará unha especial atención ó desenvolvemento e seguimento das actuacións establecidas neste convenio mais o seguimento dos prazos estipulados no correspondente contrato de execución.

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE XESTIÓN

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo financiará as actuacións ata un máximo de **douscentos cincuenta e tres mil setecentos corenta e seis euros con noventa céntimos (253.746,90 €)**, que fará efectivos mediante transferencia bancaria ao concello de Redondela, contra a presentación por este das certificacións dos traballos executados, segundo as fases previstas no convenio. Non obstante, poderán efectuarse aboamentos parciais e anticipados ata o 80% da porcentaxe subvencionada, logo da presentación das correspondentes xustificacións e o cumprimento dos requisitos definidos nos puntos (i) e (ii) do apartado 6 da cláusula terceira.

Unha vez rematados os traballos obxecto do acordo, por parte do concello deberá ser xustificado o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos, na forma establecida nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007. A referida xustificación consistirá, entre outras, na certificación da intervención, ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, acreditando o cumprimento da finalidade para que foi outorgada.

Asemade, de conformidade co disposto no apartado 6 do artigo 28 da Lei 9/2007, se fora o caso que, a actividade se financiara ademais de coa subvención con fondos propios, ou outras subvencións ou recursos, deberá



XUNTA DE GALICIA

acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O incumprimento desta xustificación, ou a súa insuficiencia, implicará o reintegro desta axuda, nos termos fixados no artigo 33 da Lei 9/2007.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo limitará, en todo caso, a súa achega económica ao pactado no presente convenio, polo que non asumirá os aumentos que se puideran producir, limitándose a súa contribución económica aos límites pactados no presente convenio.

QUINTA.- RELACIÓN LABORAL ENTRE AS PARTES

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste. En consecuencia, o concello asumirá a posición de empresario ou contratante verbo de tales profesionais, e asumirá en exclusiva as obrigas e responsabilidades legais que a normativa legal e convencional lle impón verbo destes.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Para o impulso, seguimento e interpretación das accións establecidas no presente convenio crease unha comisión, que propondrá ás partes a resolución das controversias que resulten respecto da súa execución, integrada por catro membros, dous por cada unha das partes asinantes do presente documento. Pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda formarán parte da mesma, a Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo ou persoa en quen delegue, e o Subdirector Xeral de Urbanismo. Polo concello de Redondela a comisión integraran a o Alcalde ou persoa en quen delegue, e o Concelleiro responsable da área de Urbanismo.

SÉTIMA.- OBRIGAS TRIBUTARIAS E DE ORDE SOCIAL

En aplicación do establecido no artigo 11 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 4 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a entidade local aportará, con carácter previo á sinatura do presente acordo e



XUNTA DE GALICIA

tamén, xunto coa documentación xustificativa que dea lugar aos pagamentos previstos na cláusula segunda, a oportuna declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como ter remitido ao Consello de Contas de Galicia a conta xeral do exercicio 2017.

OITAVA.- PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMA.- NATUREZA, LEXISLACIÓN APLICABLE, INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

1.- Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo. A xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir é a contencioso-administrativa.

2.- Para o non previsto no presente convenio, resultará de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xuño, e o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.



XUNTA DE GALICIA

3.- O incumprimento de calquera das cláusulas do presente Convenio constituirá causa suficiente de resolución do mesmo.

O presente Convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ámbalas dúas partes ao acordado en todas as estipulacións.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes o presente documento por triplicado exemplar, no lugar e data do encabezado.

DÉCIMO PRIMEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio será efectivo a partir da data da súa sinatura e terá a duración precisa para a completa execución das actuacións nel recollidas.

En todo caso, a eficacia deste convenio estenderase ata o 31 de maio de 2023, sen prexuízo da autonomía da vontade das partes asinantes para efectuar addendas ao mesmo aos efectos que, no seu caso, requira a execución das actuacións que constitúen o seu obxecto.

Pola XUNTA DE GALICIA
A Conselleira de Medio Ambiente,
Territorio e Vivenda

Ánxeles Vázquez Mejuto

POLO CONCELLO DE REDONDELA
A Alcaldesa



Digna Rosa Rivas Gómez